



**Grupo Municipal do BNG**  
Concello de Ares  
Avda. Saavedra Meneses, 12. CP: 15624 - ARES  
Teléfono/ Fax: 981468673  
correo: [bng@concellodeares.com](mailto:bng@concellodeares.com)

## MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG AO PLENO DO CONCELLO SOBRE TRASPARENCIA E INFORMACIÓN AO CIDADÁN

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte Moción.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos a necesidade de rendir contas á veciñanza cobrou especial forza debido, en grande medida, aos lamentables casos de escurantismo acontecidos en distintas administracións públicas que moitas veces levaba consigo delitos de corrupción.

A veciñanza como figura central do noso sistema democrático, ao ser quen paga os impostos e sobre quen deben reverter as políticas de benestar, igualdade, etc... reclama tamén ter acceso á información, ben sobre a administración, ben sobre os que administran ou mesmo sobre a maneira de proceder dos seus gobernantes.

No Concello de Ares está pendente aínda de adaptar a "Lei de Trasparencia, acceso á información pública e bó goberno", que confiamos sexa aplicando o rigor, o sentido común e o consenso tal e como nos exige a veciñanza. Mais o que si podemos é dar pasos nesa necesidade de información cidadá, esta é a finalidade da nosa moción.

Por unha banda, nos tempos nos que vivimos, os avances tecnolóxicos deben aplicarse nomeadamente na información dos debates e da toma de decisións. Temos criticado moitas veces a utilización partidista da web municipal e tamén o feito de que non se publiquen as actas plenarias e actas de goberno, (que son públicas) así como os debates mediante a grabación que se fai en formato video.

Así mesmo, a cuestión económica dos cargos políticos é tamén un tema recorrente na veciñanza, moitas veces criticado por descoñecido o cal leva a unha desconfianza sobre a política. Estamos convencidos que de ser públicos estes datos, aforrariábase moito no debate ao poder discutir sobre datos reais e ter a suficiente información, á cal temos dereito todos@s @s veciñ@s.

De acordo co anterior, sométese á consideración do Pleno a aprobación do seguinte:

### ACORDO

- 1.- Publicar na web municipal cunha periodicidade trimestral a totalidade de conceptos coas correspondentes cantidades que o Concello de Ares nos remunera mensualmente a todos os cargos políticos, tanto do goberno como da oposición, así como os gastos que poideramos xerar en atención ao desempeño do cargo (dietas, peaxes, aparcadoiros, locomoción, etc...)
- 2.- Publicar na web municipal cunha periodicidade trimestral as actas plenarias e mensula as de xunta de goberno, así como os videos dos debates plenarios.

En Ares, a 24 de Outubro de 2015.

Asdo.: Emilio Mesías Farías

(Portavoz do Grupo Municipal do BNG)

